

INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO RELATIVO AO PLAN PARCIAL DA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE BEGONTE-FASE 1

Promotor: Berina Patrimonios, S.L.
Órgano substantivo: Concello de Begonte
Expediente: 2024AAE2876

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Ten en conta a seguinte proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental:

ANTECEDENTES

- 1 No municipio de Begonte están vixentes unhas Normas subsidiarias de planeamento (NNSSPP) aprobadas definitivamente o 3.4.1997. Nestas NNSSPP delimitáronse catro áreas de reparto en solo apto para urbanizar, entre elas a SAU-1 de uso industrial e comercial para crear o parque empresarial de Begonte, que se desenvolveu cun plan parcial aprobado o 27.10.1997 (modificado o 20.6.2001).
- 2 O 29.7.2004 aprobouse definitivamente a modificación puntual núm.1 das NNSSPP para a ampliación do parque empresarial de Begonte, coa reclasificación dun solo non urbanizable en solo urbanizable non delimitado de uso industrial (S.U-1.1).
- 3 O 1.3.2024 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Begonte no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan parcial da ampliación do parque empresarial do concello de Begonte-fase 1" (en diante plan ou PP). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
- 4 O 4.3.2024 requirimos a presentación de informes técnicos sobre a suficiencia dos servizos de abastecemento e saneamento de auga, ou ben acreditación de telos solicitado. O 5.3.2024 o promotor acreditou ter solicitado os referidos informes en prazo e forma, sen obter resposta.
- 5 O 5.3.2024 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.





- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten a natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio (artigo 75.3 da LSG). No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental deberá consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 75.3 da LSG), que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).


CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do plan e ámbito de actuación

Obxecto: Establecer as determinacións urbanísticas necesarias para desenvolver unha primeira fase da ampliación do parque empresarial de Begonte.

Ámbito de actuación: Parcela con referencia catastral 27007A032001840000GG incluída no ámbito de solo urbanizable non delimitado de uso industrial S.U-1.1. A parcela linda co actual parque empresarial de Begonte, coa estrada nacional N-VI e coa estrada LU-P-1611; no seu interior atópase unha instalación industrial en funcionamento.

Superficie do ámbito: 49.980 m²



Imaxe 1: Localización do ámbito do plan





2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do plan emprázase no centro do municipio, a carón do parque empresarial de Begonte, e dispón de boa comunicación viaria co exterior a través da N-VI e da estrada LU-P-1611, que enlaza a menos dun quilómetro coa autovía A-6. Ao suroeste, en paralelo á traza da N-VI, discorre a liña de ferrocarril León-A Coruña, cuxa estación máis próxima é a situada no núcleo de Begonte.

O ámbito insírese nunha zona chaira onde hai extensas masas arboradas (principalmente de especies caducifolias) que se mesturan con pequenas parcelas de uso agrícola, coa presenza de lagoas e regos tributarios ao río Ladra. No interior do ámbito existe unha nave industrial de fabricación de produtos relacionados coa construción á que se accede directamente desde a estrada N-VI, mentres que o resto dos terreos están ocupados por unha masa arborada de carácter húmido. Esta masa está conformada principalmente por bidueiros e algúns salgueiros nas zonas máis húmidas, con presenza puntual de áreas higroturbosas, e por carballos con algún piñeiro nas zonas máis secas, situadas principalmente no norte da parcela. No suroeste existe unha pequena lagoa encravada na masa boscosa.

O bordo oeste do ámbito está atravesado por unha liña eléctrica en dirección paralela á estrada N-VI ata o parque existente. Poucos metros ao norte do ámbito atópase outra nave industrial, detectándose no bordo nordeste do ámbito zonas alteradas por recheos e amoreamentos de bloques de pedra. Na contorna próxima existen dúas vivendas (unha ao oeste e outra doutro lado da estrada nacional).

O ámbito insírese na chaira aluvial do río Ladra, un dos principais tributarios do río Miño na Terra Chá. Trátase dunha zona inundable e con niveis freáticos moi próximos á superficie. Bordeando polo oeste e leste a parcela existen pequenas canles de auga, posiblemente creadas con intención de drenar os terreos. No interior do ámbito atópase unha pequena charca (non identificada na cartografía oficial da demarcación hidrográfica do Miño-Sil) e fóra del (próximo ao bordo nordés) existe outra charca de maior tamaño (recollida no rexistro de zonas protexidas do Plan hidrolóxico do Miño-Sil). Estas charcas probablemente teñen a súa orixe en escavacións de pouca profundidade realizadas polo home. Segundo o informado polo organismo de bacía, todo o ámbito está clasificado como EDAS (ecosistemas dependentes das augas subterráneas).



Imaxe 2: Detalle do bosque húmido (esquerda) e canle situada no bordo leste do ámbito (dereita)





A maior parte do ámbito está afectado pola zona inundable con varios períodos de retorno, pero fóra da zona de fluxo preferente delimitadas polo organismo de bacía¹ para a área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) "Vilalba", subtramo "Río Ladra, desde Os Boedos hasta A Aldea, no municipio de Begonte" (ES010-LU-04-04-24677-10).

Nas inmediacións sitúase o límite da zona especial de conservación² (ZEC) "Parga-Ladra-Támoga", da Rede Natura 2000, que abrangue a cunca alta do río Miño, coincidente tamén nesta zona coa área de especial interese paisaxístico (AEIP) "Alto Miño" delimitada no *Catálogo das paisaxes de Galicia*.

Todo o municipio de Begonte forma parte da Reserva da biosfera "Terras do Miño", extensa área protexida por instrumentos internacionais; concretamente o ámbito do plan sitúase parte na zona tampón ou de amortecemento (envolvente das lagoas de Padroso e o río Ladra) e na de transición.

Non consta a existencia de ningún elemento do patrimonio cultural catalogado dentro do ámbito do plan, nin na súa contorna próxima.

Segundo o indicado no borrador, na contorna existen redes de abastecemento de auga e de saneamento de augas residuais (con destino á depuradora municipal).



Imaxe 3: Principais afeccións ambientais

3. Proposta do plan

Alternativas: O documento ambiental estratéxico contempla dúas alternativas; a alternativa cero de non formular o plan fronte á alternativa de desenvolver unha primeira fase de ampliación do parque empresarial de Begonte, constituíndo esta última a opción seleccionada.

Proposta: O borrador do plan delimita o solo da fase 1 (49.980 m²) para iniciar o desenvolvemento de parte do sector SU-1.1 e establece a súa ordenación detallada. A ordenación proposta configúrase entornó a un novo viario que terá acceso desde a

- 1 Sistema Nacional de Cartografía de Zonas inundables (<https://sig.mapama.gob.es/snczi/index.html?herramienta=DPHZI>).
- 2 Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.






estrada provincial LU-P-1611 lindeira, situando a ambas marxes deste as parcelas destinadas a usos industriais (M1, na que se atopa a instalación industrial existente e M2) e unha zona verde no extremo suroeste (9.201 m²) para integrar a lagoa existente.

Establécese o uso industrial como uso global, unha altura da edificación de B+1 (2 andares, 10 m)³, salvo xustificación de instalacións especiais, e unha edificabilidade de 0,8 m²/m². Faise a reserva dunhas 150 prazas de aparcadoiro de dominio público, localizadas a ambos lados do viario proxectado.

O abastecemento de auga ao ámbito e a xestión das augas residuais resolverase mediante conexión ás redes existentes na contorna; establecerase unha rede separativa de augas residuais e pluviais⁴. Está previsto soterrar a liña eléctrica de media tensión que atravesa o ámbito, así como desviar o mesmo polos viarios que se van executar⁵.



Imaxe 4: Zonificación proposta (extracto do plano B_ORD_02USOS) e delimitación da fase 1 do PP sobre o sector SU-1.1 (elaborado a partir do plano B_PINFS_04ACTUAL)

4. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

Administracións públicas afectadas	Resposta	Sen resposta
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	x	
Demarcación de Estradas do Estado		x

Asemade, o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

3 Segundo apartado 2.1 da Memoria xustificativa do borrador, xa que no apartado 2.8 indícase 11 m de altura.
4 Apartado 2.9 da memoria xustificativa do borrador.
5 Apartado 2.3.6 da memoria informativa do borrador.





O promotor deberá considerar na formulación e tramitación do plan todas as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. Resúmense a continuación as principais cuestións formuladas que poden ter incidencia na avaliación ambiental do plan:

Instituto de Estudos do Territorio

A paisaxe interior está dominada por unha masa arboredo denso, na que cabe sinalar como elementos de interese paisaxístico natural e existencia dunha lagoa na zona oeste, e o bosque autóctono caducifolio de especies ribeiregas asociado. Porén existen certos elementos que impactan sobre estes valores naturais e panorámicos, como é a liña de media tensión que atravesa o ámbito polo bordo suroeste, e as parcelas industriais englobadas total ou parcialmente ao suroeste e norte, e que carecen de medidas de amortecemento visual de impactos como son os espazos de aparcadoiro, as naves industriais e o amoreamento de materiais ao aire libre. Unha adecuada distribución das parcelas industriais e os espazos verdes, xunto a criterios normativos de inserción paisaxística axustados aos condicionantes naturais e panorámicos existentes, poden minimizar os impactos e corrixir as eivas na calidade da paisaxe presente.

Debe incorporarse á documentación do plan un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e un estudo da paisaxe urbana (artigos 35 e 36 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia). Nestes estudos deben terse en conta algúns aspectos que concreta no informe (detállanse no condicionado final deste informe ambiental estratéxico).

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Sinala que parte do ámbito delimitado no plan estaría afectado por zona inundable para varios períodos de retorno da ARPSI ES010-LU-04-04, Villalba, Río Ladra, desde os Boedos ata A Aldea, no municipio de Begonte, sin que este risco de inundación fose contemplado no documento ambiental presentado. Este organismo non ten constancia da lagoa existente dentro do ámbito, polo que non está catalogada como tal e non ten, polo momento, consideración de dominio público hidráulico (DPH). Destaca algunhas inconcrecións ou deficiencias detectadas na documentación ambiental do plan, como que para protexer a lagoa se establece unha “zona de protección de m. de largo” sen que se aporte unha cifra para esa distancia, ou que existen redes municipais de abastecemento e saneamento e que a afectación será mínima, pero non se achegan datos de consumos nin de suficiencia da rede.

En canto á dispoñibilidade de recursos hídricos (artigo 25.4 Lei de augas), o plan non aclara se o novo desenvolvemento suporá un incremento nos consumos, nin que volume de variación se espera. Cómpre reflectir a previsión do consumo para os distintos usos conforme ao disposto no Plan hidrolóxico do Miño-Sil e no caso de existir rede municipal e dispoñibilidade de subministro dos caudais necesarios para a actividade, deberá conectarse a esta, previa autorización do Concello.

Respecto aos vertidos, debe indicarse a previsión do caudal xerado polo plan e xustificar as solucións adecuadas para a xestión das augas residuais, xustificando que as instalacións de depuración previstas poderán admitir con garantías as augas residuais





xeradas e cumprir as normas de calidade do medio receptor. Na documentación dáse a entender que as augas pluviais derivaranse á rede de augas residuais, se ben, os novos desenvolvementos industriais deben establecer, preferentemente, redes de saneamento separativas e incorporar un tratamento das augas de escorrentas independente.

Dentro da zona inundable, co obxecto de garantir a seguridade das persoas e ben, deberán terse en conta as limitacións aos usos que establece o Regulamento do DPH (artigos 14 e 14 bis) e as que establece o plan hidrolóxico Miño-Sil (artigo 45). Conforme a isto, e sen prexuízo das normas complementarias que podan establecer as comunidades autónomas, na zona inundable *as novas actividades, edificacións e usos asociados que se atopan en situación básica de solo rural a 30.12.2016 se realizarán, na medida do posible, fóra das zonas inundables.*

Cómpre detallar no plan os elementos do DPH (canles e lagoas) non representados na cartografía oficial polo nivel de escala, de acordo cos traballos de campo a realizar, e achegar unha proposta cartográfica (que deberá ser informada favorablemente polo organismo de cunca) na que os identifique, xunto a zona de fluxo preferente e zona inundable. Esta información deberá terse en conta na análise de alternativas da localización do plan e xustificar debidamente a alternativa escollida. Tamén deberían valorarse adecuadamente os posibles efectos ambientais previsibles sobre as augas superficiais e subterráneas, así como sobre os ecosistemas dependentes das augas subterráneas (EDAS) e establecer as medidas que procedan.

Finalmente pronúnciase de forma desfavorable á proposta presentada no borrador do plan, tendo en conta a documentación dispoñible, por non considerarse axeitadamente a afección da zona inundable sobre o ámbito de actuación, non avaliarse os posibles impactos sobre a rede hidrográfica do ámbito de estudo e non valorarse os impactos sobre as augas subterráneas nin sobre os ecosistemas dependentes destes.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O plan parcial proposto non establece un marco para a futura autorización de proxectos máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos que se autorizan no ámbito de actuación. Tampouco resulta pertinente ou necesario para a implantación da lexislación comunitaria ou nacional en materia ambiental.

O ámbito de actuación do plan conta con valores naturais asociados á existencia dun bosque húmido de ameneiros e zonas higróturbosas, ao tempo que é potencialmente inundable e se empraza nas inmediacións de espazos con valores naturais e paisaxísticos destacados (ZEC *Parga-Ladra-Támoga* da Rede Natura 2000, AEIP *Alto Miño* e zona tampón da Reserva da biosfera "Terras do Miño"). A ordenación proposta no borrador integra a lagoa existente no ámbito e a súa contorna inmediata nas zonas verdes, pero a maior parte do bidueiral higrófilo e do bosque de carballos identificados quedarían dentro da zona lucrativa (M1) e do viario propostos.

A urbanización do sector implicará unha transformación radical das coberturas do solo, de xeito que os actuais elementos conformadores dunha paisaxe rural dará paso a outros que comporán unha paisaxe industrial; non obstante, no ámbito tamén existen





elementos que o degradaron ambientalmente (liña de media tensión, recheos e nave industrial implantada). O impacto paisaxístico do plan pode cualificarse como significativo, pero susceptible de ser mitigado cunhas adecuadas medidas de integración.

A proposta formulada no borrador pode ter unha incidencia significativa no ciclo hídrico, xa que a futura urbanización do solo podería implicar a modificación das condicións de drenaxe dos terreos debido aos labores de drenaxe e recheo necesarios, ademais da posible incidencia sobre elementos do dominio público hidráulico non identificados na cartografía oficial e que a documentación do plan non analiza. Asemade, parte do ámbito do plan está afectado pola zona inundable (Q500; probabilidade baixa ou excepcional) delimitada polo organismo de bacía para o río Ladra. Na ordenación proposta a zona inundable afecta á parcela lucrativa M1 e a unha pequena superficie (bordo noroeste) da parcela M2. O organismo de bacía informou con carácter desfavorable a proposta do borrador, ao considerar que na documentación non se avalía adecuadamente a afección da zona inundable nin os posibles impactos sobre a rede hidrográfica do ámbito de estudo, as augas subterráneas e os ecosistemas dependentes deste.

O desenvolvemento urbanístico proposto implicará un incremento da demanda actual no municipio de recursos hídricos para abastecemento e dos caudais de augas residuais xerados, que o borrador do plan non cuantifica. Dadas as características do ámbito, non se prevé que ese incremento sexa significativo, porén, debe quedar xustificado na documentación do plan a dispoñibilidade de recursos hídricos suficientes, a capacidade dos servizos de abastecemento e saneamento, así como a adecuada xestión das augas pluviais, de acordo co sinalado polo organismo de bacía.

Non consta a existencia de bens do patrimonio cultural catalogados ou con destacado valor dentro do ámbito de actuación nin na contorna próxima, polo que non se agardan afeccións sobre o patrimonio cultural.

Segundo o estudo de mobilidade incluído no borrador, o incremento do tráfico na zona non resultará significativo con respecto á situación actual; ademais considera que o acceso proxectado desde a estrada provincial LU-P-1611 ten capacidade para absorber o novo tráfico derivado do plan, evitando o actual acceso directo desde a estrada N-VI. Con todo, o plan deberá incorporar determinacións específicas para fomentar a mobilidade activa.

Atendendo a todo o exposto, concluímos que o plan pode ter efectos ambientais significativos relacionados principalmente co ciclo hídrico, pero tamén coa paisaxe, o que require dun estudo máis detallado das características e condicionantes ambientais existentes de cara a concretar medidas oportunas para a adecuada integración das actuacións no medio.

6. Cuestións documentais

O borrador alude na memoria informativa (apartado 2.3.4) ao espazo natural “Parga-Ladra-Támoga” como zona de especial protección dos valores naturais, figura de protección que foi derogada pola Lei 5/2019, do 2 de agosto de patrimonio natural e da





biodiversidade de Galicia. Na actualidade este espazo natural está declarado zona especial de conservación (ZEC) da Rede Natura 2000.

PROPOSTA

A partir da documentación presentada polo promotor, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, concluímos que o plan pode ter efectos significativos sobre o medio ambiente.

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas
(*asinado con sinatura electrónica*)

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(*asinado con sinatura electrónica*)

INFORMO:

Que o "Plan parcial da ampliación do parque empresarial de Begonte-fase 1", no concello de Begonte, pode ter efectos adversos ambientais significativos e, polo tanto, debe someterse a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Este informe ambiental estratéxico remitirase ao promotor do plan e ao Concello de Begonte, xunto co documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas. Farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>)

Contra o informe ambiental estratéxico non procede recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Ramón Martínez Boga
Director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

